

11/05/2020

INFORMACIÓN SOBRE A REAPERTURA DA BIBLIOTECA DE GALICIA

De conformidade co Capítulo VIII da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, no que se establecen as *Condicións para a reapertura ao público das bibliotecas*, a Biblioteca de Galicia informa de que está a realizar as actuacións de adaptación necesarias para o cumprimento dos artigos 23, 24 e 25 da citada Orde, así como dos demais artigos que subsidiariamente lle sexan de aplicación no referido a medidas de hixiene e/ou de prevención. Mentres duren estas actuacións as súas instalacións permanecerán pechadas.

Neste tempo a Biblioteca de Galicia continuará poñendo a disposición dos cidadáns os seus servizos dixitais. Para atender calquera dúbida, pregunta ou consulta está operativo o correo electrónico bibliotecadegalicia@xunta.gal e o teléfono de atención ao público 981 545 070.

A Biblioteca de Galicia informará puntualmente ao público de calquera novidade respecto das condicións de reapertura das súas instalacións e dos seus servizos.



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Orde SND/399/2020, de 9 de maio, do Ministerio de Sanidad

Recomendación: condicións para a reapertura ao público das bibliotecas ubicadas en territorios Fase 1